

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO MUNICIPAL DE APARCADOIRO SUBTERRÁNEO NA PRAZA DO CONCELLO E DOS PREZOS PÚBLICOS DO SERVIZO

TÍTULO I

DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1º.- OBXECTO

1.- O obxecto da presente ordenanza municipal é a regulación do servizo público do aparcadoiro subterráneo situado no subsolo da Praza do Concello e das rúas Colón e Dr. Pedro González Prada.

2.- O servizo público de aparcadoiro subterráneo prestarase en réxime de xestión indirecta, mediante concesión, na súa tripla modalidade de cesión permanente, cesión temporal e rotación horaria de prazas de aparcadoiro.

ARTIGO 2º.- ALTERACIÓNS NA FORMA DE XESTIÓN

O disposto no artigo anterior non impedirá que por parte do Pleno do concello e ao abeiro do establecido na lexislación vixente, se poida acordar o rescate da concesión e a substitución do xeito de xestión por outro, xa sexa directo ou indirecto. En tales casos, e mentres non se adapte a regulamentación do servizo á nova forma de xestión elixida, subsistirá a regulación contida na presente ordenanza, na medida en que o réxime da fórmula de xestión utilizada o permita, asumindo a persoa pública ou privada que pase a desenvolver a xestión do servizo a posición xurídica prevista nesta ordenanza para o concesionario, tanto nas súas relacións cos usuarios coma coa administración municipal titular do servizo, no seu caso.

A mesma solución será aplicable nos supostos en que, conforme á normativa vixente, se proceda á extinción ou resolución do contrato de xestión ou ao secuestro ou intervención temporal da concesión.

ARTIGO 3º.- ADMINISTRACIÓN TITULAR DO SERVIZO

1.- A administración titular do servizo, calquera que sexa a súa forma de xestión, será o Concello de Verín, que ostentará todas as prerrogativas, dereitos e obrigas que se prevén na lexislación vixente, así como, no seu caso, no prego de cláusulas económico-administrativas que rexa a concesión. En particular, o Concello de Verín resérvase os poderes de policía necesarios para garantir a boa marcha do servizo.

2.- O Concello de Verín é, así mesmo, o único titular do aparcadoiro subterráneo construído no subsolo da Praza do Concello e as súas rúas adxacentes, o cal constitúe o soporte material necesario para a prestación do servizo, coa condición de ben inmovible de dominio e servizo público local, inembargable, imprescritible e inalienable.

Ademais, o concello ostentará o dereito de reversión de todos os bens mobles e instalacións integrados no aparcadoiro subterráneo e directamente afectados á súa xestión, que a concesionaria instale para dita xestión. Durante o tempo de duración da concesión, tales bens mobles e instalacións serán propiedade da concesionaria.

ARTIGO 4º.- CONCESIONARIO DO SERVIZO

1.- Ten a condición de concesionario do servizo a persoa física ou xurídica adxudicataria, ou que legalmente se subroga na súa posición, ostentando os dereitos e obrigas que lle atribúe a lexislación vixente, a presente ordenanza e o prego de cláusulas económico-administrativas que rexa a concesión.

2.- A condición de concesionario do servizo implicará a de concesionario demanial do aparcadoiro subterráneo, en virtude da cal

o concesionario do servizo estará obrigado ao pagamento do canon correspondente á administración, na forma establecida no prego de cláusulas.

3.- Para todos os efectos, a concesión demanial considerarase integrada na concesión do servizo da que trae causa.

ARTIGO 5º.- USUARIO DO SERVIZO

1.- Ten a condición de usuario do servizo toda a persoa natural ou xurídica que acceda ao seu gozo en calquera das modalidades previstas na presente ordenanza.

2.- O Concello de Verín ostentará a condición de usuario respecto das prazas cuxo uso se reserve para vehículos municipais, para os efectos só da observancia das normas de uso e da obriga de afrontar os gastos de conservación e mantemento correspondentes a ditas prazas.

Idéntica regra aplicarase respecto das prazas cuxo uso o concello poida adquirir en réxime de cesión permanente conforme ao establecido na presente ordenanza.

Emporiso o anterior, mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, o concello poderá destinar as prazas das que sexa usuario a outros usos distintos ao de estacionamento de vehículos, podemos autorizar a realización de obras de adaptación a tales usos das prazas, sempre que con iso non se prexudique a boa marcha do servizo nin os dereitos do resto dos usuarios, e sen prexuízo da súa obriga de afrontar os gastos de conservación e mantemento correspondentes.

TÍTULO II

DOS MODOS DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

ARTIGO 6º.- DIPOSICIÓN XERAL

1.- Establécense tres modos de prestación do servizo, mediante cesión permanente, cesión temporal e rotación horaria.

2.- O número de prazas destinadas a explotación en réxime de rotación horaria deberá ser, en todo momento e como mínimo, equivalente ao 50% das prazas existentes no aparcadoiro.

As prazas restantes poderanse explotar en réxime de cesión permanente ou temporal.

CAPÍTULO I

DA CESIÓN DE USO PERMANENTE

ARTIGO 7º.- RÉXIME BÁSICO

Nesta modalidade, a prestación do servizo consistirá na cesión do uso de prazas de aparcadoiro por todo o tempo de duración da concesión administrativa.

Os usuarios neste réxime limitarán o seu dereito ao uso exclusivo da praza que se lles asigne e ao común ou xeral das zonas comúns do aparcadoiro, entendéndose por tales os viais destinados á circulación interior, accesos peonís e de vehículos e servizos. En ningún caso se entenderá que ditos usuarios adquiren ningún dereito respecto do aparcadoiro ou a concesión que exceda de dito uso exclusivo.

O uso das prazas suxeitarase ás normas comúns contidas no capítulo IV do presente título.

ARTIGO 8º.- REQUISITOS DOS USUARIOS

1.- Poderá acceder á condición de usuario en réxime de cesión permanente calquera persoa natural ou xurídica, segundo ao procedemento establecido nos artigos seguintes, sen que caiba ningunha discriminación na adxudicación de ditas prazas, sen prexuízo da aplicación dos criterios de preferencia establecidos na presente ordenanza para o caso de que o número de solicitudes sexa maior que o de prazas ofertadas.

2.- No caso de persoas físicas, presumirase a súa capacidade de obrar cando sexan maiores de idade, debendo acreditar tal capacidade ou actuar por medio de representante legal noutro caso.

3.- No caso de persoas xurídicas, acreditarán a súa constitución e capacidade xurídica e de obrar, así como a representación do solicitante, na forma que proceda en dereito.

ARTIGO 9º.- PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

1. O dereito de cesión de uso permanente adquirirase conforme ao seguinte procedemento:

a) Ao iniciarse a prestación do servizo, o concesionario deberá anunciar mediante a súa publicación no taboleiro de edictos do concello a convocatoria pública para a adxudicación de prazas de aparcadoiro. Dita convocatoria deberá indicar como contido mínimo o número de prazas que se ofertan para a súa adxudicación neste réxime, lugar de presentación de solicitudes e requisitos que conterán ditas solicitudes, prezo de adquisición do dereito de uso permanente e prazo polo que se adquire.

O concesionario poderá utilizar calquera dos medios de publicidade complementaria da convocatoria no taboleiro de anuncios que estime oportunos.

b) As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do concello, mediante o modelo normalizado que se facilitará nas propias oficinas municipais ou por parte do propio concesionario. Unha vez recibidas ditas solicitudes, selaranse pola oficina do rexistro, anotando a data de presentación e o número de rexistro de entrada, devolvendo copia selada ao solicitante. O concello remitirá ditas solicitudes ao concesionario, que adxudicará as prazas por rigorosa orde cronolóxica de presentación de solicitudes, notificándollo ao solicitante para a formalización en documento privado do correspondente contrato de cesión entre o concesionario e o usuario, logo do pagamento ao concesionario da tarifa establecida na presente ordenanza. Con carácter previo a dita formalización, a concesionaria poderá esixirlle ao usuario a exhibición do permiso de circulación do vehículo ou vehículos adscritos á praza cuxo uso se cede, para os efectos de garantir o cumprimento do establecido no artigo 14.2

Para o caso de que existan varias solicitudes presentadas nunha mesma data e non queden prazas suficientes para atendelas todas, terán preferencia os solicitantes que ostenten a condición de veciños de Verín por figurar como tales no padrón municipal de habitantes, no caso de persoas físicas, ou que se encontren domiciliados no municipio, no caso de persoas xurídicas. Subsidiariamente, as prazas adxudicaranse por sorteo público que se realizará perante o secretario do concello.

O prazo de presentación de solicitudes manterase indefinidamente aberto até a adxudicación da totalidade de prazas ofertadas.

Unha vez adxudicadas a totalidade das prazas ofertadas, publicarase un novo anuncio declarando concluso o procedemento.

2. Mentres non se adxudicaran en réxime de cesión permanente, as prazas destinadas a esta modalidade do servizo polo concesionario, poderán ser explotadas en réxime de rotación horaria ou cesión temporal.

3. Se durante a vixencia da concesión se produce a extinción dos dereitos de uso na modalidade de cesión permanente por calquera

das causas previstas na presente ordenanza, a concesionaria, logo da comunicación ao concello, poderá optar por adxudicar novamente as prazas baixo dita modalidade ou por explotalas en réxime de cesión temporal ou rotación horaria até a extinción da concesión. O exercicio desta última opción non impedirá que, posteriormente, e tras a comunicación ao concello, a concesionaria poida volver explotar en réxime de cesión permanente as prazas ás que se lles alterara o réxime de explotación.

ARTIGO 10º.- CESIÓN A TERCEIROS

1.- Os usuarios de prazas de aparcadoiro en réxime de cesión permanente poderán ceder a terceiros o seu dereito de uso.

O dereito será igualmente transmisible por causa de morte ou nos supostos de sucesión de empresas.

2.- Nos supostos de cesión onerosa inter vivos, establécese un dereito de tanteo e retracto en favor da concesionaria.

Nestes casos e con carácter previo á realización da cesión, comunicarase á concesionaria por parte do usuario que pretenda a cesión a súa intención de realizar dita transmisión especificando o prezo. A concesionaria acusará recibo de dita comunicación e disporá dun prazo de quince días hábiles para exercitar o seu dereito de tanteo, manifestándolo por escrito ao usuario.

A omisión do deber de comunicación previa impedirá que a cesión poida desprezar efectos fronte a concesionaria e o concello, e posibilitará o exercicio do dereito de retracto.

3.- Nos supostos de cesión por mor de morte da persoa física usuaria, ou por sucesión de persoas xurídicas, estarase ao disposto no artigo 12

4.- Toda cesión comunicarse por escrito á concesionaria, para a súa eficacia ante esta e o concello.

ARTIGO 11º.- EXTINCIÓN DO DEREITO DE USO PERMANENTE

O dereito de uso permanente extinguirase polas seguintes causas:

- a) Pola extinción da concesión administrativa do servizo, ao transcorrer o prazo máximo da súa duración.

- b) Por mutuo acordo entre a concesionaria e o usuario.

- c) Polo non pagamento das cotas que lle correspondan en concepto de contribución a gastos comúns de mantemento, conservación, uso e reparación a que se refire o artigo 14, cando dito impagamento abranga un período mínimo de tres meses.

A extinción do contrato, neste caso, deberá ser declarada pola Xunta de Goberno Local do concello, a solicitude da concesionaria, logo do expediente contradictorio con audiencia do interesado.

- d) Cando así se declare pola Xunta de Goberno Local, nos supostos e termos do artigo 12, apartados 1 e 3

ARTIGO 12º.- SUCESIÓN DE USUARIOS

1.- Nos casos de falecemento do titular, os seus herdeiros ou causahabientes comunicarán a identidade do novo titular da praza. Mentres non se realice dita comunicación, os membros da comunidade de herdeiros responderán solidariamente das súas obrigas como usuarios da praza.

Se transcorridos seis meses dende o falecemento do titular non se comunicara a identidade do novo usuario, a concesionaria poderá solicitar que a Xunta de Goberno Local do concello declare vacante a praza, logo do expediente contradictorio con audiencia aos interesados.

2.- Nos supostos de fusión ou absorción de persoas xurídicas, o contrato de cesión de uso permanente continuará coa entidade absorbente ou resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigas dimanantes del.

3.- Nos supostos de escisión ou aportación de empresa, a entidade beneficiaria do dereito de uso deberá de comunicalo ao concesionario. Mentres non se realice dita comunicación, as entidades resultantes responderán solidariamente das súas obrigas como usuarias do servizo.

Se transcorridos tres meses dende a escisión ou aportación non se comunicara a identidade do novo titular, poderase proceder do xeito previsto no apartado 1

ARTIGO 13º.- EFECTOS DA EXTINCIÓN DO DEREITO

1.- Unha vez extinguido o dereito ao uso permanente dunha praza de aparcadoiro, dita praza quedará vacante e poderase adxudicar novamente polo concesionario, cos mesmos requisitos establecidos para a primeira adxudicación ou ben destinarse á súa explotación en réxime de rotación horaria ou cesión temporal, logo da comunicación ao concello, nos termos que recolle o artigo 9.5

2.- A extinción dos dereitos de uso permanente con anterioridade ao cumprimento do prazo polo que inicialmente se adxudicou, non dará dereito a ningunha devolución, agás nos casos de extinción por mutuo acordo, en que se estará ao pactado libremente polas partes.

ARTIGO 14º.- OBRIGAS ESPECÍFICAS DOS USUARIOS EN RÉXIME DE CESIÓN PERMANENTE

1.- Os usuarios en réxime de cesión permanente contribuirán aos gastos comúns xurdidos da conservación, uso, reparación e mantemento do aparcadoiro, e en especial aos que a seguir se especifican:

a) Os de seguridade e vixilancia, subministración de auga, luz e análogos, servizos de rede de sumidoiros, limpeza, conservación, mantemento e reparación das instalacións.

b) Os de persoal empregado pola comunidade de usuarios, con exclusión en todo caso do persoal contratado pola concesionaria para a explotación das prazas en réxime de cesión temporal e rotación horaria, que serán de cargo exclusivo desta última.

c) Os correspondentes aos tributos que teñan por obxecto o aparcadoiro, sen prexuízo de que o seu pagamento sexa exixido na súa integridade á concesionaria pola administración tributaria competente. Queda excluído o canon da concesión, que será de conta exclusiva do concesionario, que non poderá repercutir el nos usuarios.

d) Calquera outro gasto común que puidese xurdir, sempre que derive da conservación, mantemento, uso ou reparación do aparcadoiro.

2.- Os usuarios en réxime de cesión permanente indicarán na súa solicitude a matrícula e datos de identificación do vehículo cuxo estacionamento se vaia destinar a praza. Excepcionalmente, admitirase a designación de até tres vehículos, sempre que se acredite que os tres pertencen ao mesmo usuario, familiares directos, persoal asalariado do usuario ou socios se se trata dunha persoa xurídica. Nestes casos expedirase unha única tarxeta de uso para todos os vehículos adscritos á praza, declinando a concesionaria toda responsabilidade ao respecto, resolvendo o usuario calquera conflito que puidese derivar do uso compartido da praza de aparcadoiro.

Para os efectos do presente artigo, entenderanse por familiares directos os que o sexan por consanguinidade en liña recta en todos os graos e en liña colateral até o cuarto grao; os que o sexan por afinidade nas mesmas liñas e graos e os cónxuxes entre si.

Nos supostos de cambio de vehículo á praza, deberán comunicalo á concesionaria, para os efectos de expedir unha nova tarxeta de uso cos datos do novo vehículo, anulándose a anterior.

Non se admitirá ao servizo a vehículos distintos aos adscritos á praza.

3.- Os usuarios en réxime de cesión permanente non poderán efectuar ningunha modificación na praza asignada, nin realizar nela ningún tipo de obra que altere a súa configuración, distribución ou implique o seu pechamento ou tapiado, nin tampouco delimitar a súa respectiva praza con ningún elemento, fixo ou móbil. A única delimitación entre prazas será a que representen as raias pintadas no chan. Tampouco se admitirán as construcións provisionais, nin o almacenamento ou depósito de obxectos de calquera índole.

O disposto neste apartado non será de aplicación ás prazas cuxo usuario sexa o concello e respecto das cales a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo a que se refire o artigo 5.2

4.- Os usuarios en réxime de cesión permanente haberán de consentir na súa praza as reparacións, usos e servidumes que esixa o mantemento, reparación e conservación do inmovible.

5.- Os usuarios en réxime de cesión permanente terán ademais as obrigas establecidas con carácter xeral para todo tipo de usuarios pola presente ordenanza.

CAPÍTULO III

DA CESIÓN DE USO TEMPORAL

ARTIGO 15º.- RÉXIME BÁSICO

Na cesión de uso temporal, os usuarios adquiren un dereito de utilización das prazas por un certo tempo solicitado á concesionaria mediante o pagamento das tarifas establecidas no título V da presente ordenanza.

ARTIGO 16º.- FÓRMULAS DE CESIÓN TEMPORAL

A concesionaria outorgará libremente a calquera terceiro que así o solicite a cesión de uso temporal, segundo as seguintes fórmulas:

a) Cesión temporal mensual: aplicarase por cada mes completo de ocupación (24 horas ao día durante todo o mes, computado de data a data, cando non coincida co mes natural)

b) Cesión temporal nocturna: aplicarase por cada mes completo de ocupación nocturna (dende as 19:00 horas até as 10:00 horas do día seguinte durante todo o mes, computado de data a data cando non coincida co mes natural)

c) Cesión temporal funcionario: aplicarase por cada mes completo de ocupación en horario laboral para o persoal do sector público (dende as 7:30 horas até as 15:30 horas, non incluídos fins de semana, nin días festivos).

d) Cesión temporal laboral: aplicarase por cada mes completo de ocupación en horario laboral para persoal do sector privado (desde as 7:00 horas até as 22:00 horas)

e) Cesión temporal semanal: aplicarase por cada semana completa de ocupación (24 horas ao día durante sete días)

f) Cesión temporal de fin de semana: aplicarase por cada fin de semana completa de ocupación (en horario continuado de 48 horas como máximo que fixará o concesionario, abrangendo a fin de semana necesariamente)

g) Cesión temporal diaria: aplicarase por cada día completo de ocupación (en horario continuado de 24 horas, que dependerá da hora de entrada concreta do usuario)

ARTIGO 17º.- DEREITOS DOS USUARIOS EN RÉXIME TEMPORAL

Os cesionarios de ditas prazas non adquirirán ningún dereito respecto do aparcadoiro ou a concesión, á marxe do dereito ao uso temporal, segundo a modalidade da cesión, da praza que ocupen e dos viais destinados á circulación interior, accesos peonís e de vehículos, e servizos mentres teñan o seu vehículo estacionado no aparcadoiro, todo iso con suxeición ás normas comúns de uso recollidas nesta ordenanza.

Os cesionarios en réxime de cesión temporal terán libre acceso ás prazas que se lles asignaran durante a vixencia da súa relación coa concesionaria, a calquera hora e en calquera día. Para tal efecto, a concesionaria facilitaralles unha tarxeta de uso para acceder ao aparcadoiro, nas mesmas condicións establecidas para os usuarios en réxime de cesión permanente no artigo 13.2 desta ordenanza.

ARTIGO 18º.- OBRIGAS ESPECÍFICAS DOS USUARIOS EN RÉXIME DE CESIÓN TEMPORAL

Ademais das obrigas comúns a todo usuario que se recollen no capítulo IV deste título, os usuarios en réxime de cesión temporal estarán suxeitos ás obrigas sinaladas para os usuarios en réxime de cesión permanente, no artigo 14, apartados 2, 3 e 4

CAPÍTULO IV

DA CESIÓN EN RÉXIME DE ROTACIÓN HORARIA

ARTIGO 19º.- RÉXIME BÁSICO

1.- Na cesión en réxime de rotación horaria, os usuarios adquiren o dereito de utilizar as prazas de aparcadoiro por horas ou fraccións de tempo inferiores, aplicándose as tarifas horarias previstas no título V da presente ordenanza, sempre e cando a utilización das prazas non exceda dun máximo de vinte e catro horas, aplicándose en tal caso a tarifa correspondente á cesión temporal.

2.- Os vehículos neste réxime de uso admitiranse por orde de chegada e dentro do horario de apertura do aparcadoiro fixado no capítulo IV do presente título, sen que se poida rexeitar ningún vehículo mentres queden prazas libres distintas das reservadas á cesión permanente.

Ao tempo de acceder ao garaxe, o cesionario retirará a correspondente tarxeta de acceso, que deberá presentar para a súa liquidación, ben sexa esta automática nas instalacións de pagamento automatizado, ou se efectúe nas oficinas do concesionario, antes de retirar o seu vehículo, sen que se poida proceder á retirada sen a liquidación previa e pagamento da tarifa correspondente.

En caso de perda da tarxeta de acceso, o cesionario deberá pagar o importe correspondente ao tempo real de ocupación da praza.

3.- O usuario disporá dun prazo de dez minutos para retirar o seu vehículo do aparcadoiro, unha vez aboara a liquidación do ticket. Pasado dito prazo, aboará a tarifa correspondente ao exceso de tempo transcorrido.

CAPÍTULO IV

NORMAS COMÚNS DE USO

ARTIGO 20º.- OBRIGATORIEDADE

As normas comúns de uso que contén este capítulo serán de obrigado cumprimento para todos os usuarios do servizo de aparcadoiro, calquera que sexa a modalidade de prestación.

ARTIGO 21º.- OBRIGAS COMÚNS

Son obrigas comúns a todos os usuarios, as seguintes:

- 1.- Dedicar a estacionamento un único vehículo automóbil, prohibíndose destinalo a calquera outro fin ou actividade. A presenza ou permanencia de persoas nos vehículos será só con ocasión de acceder ou abandonar o vehículo.
- 2.- Usar o estacionamento na praza correspondente de xeito que non prexudique os dereitos dos demais usuarios.
- 3.- Estacionar os vehículos dentro do perímetro estrito de cada praza, sen presentar salientes nin invadir a superficie das demais, nin as zonas comúns de circulación e manobra.
- 4.- Non ocupar a praza, aínda que sexa temporalmente, con construcións provisionais ou con obxectos mobles de calquera natureza, nin almacenar nelas materiais combustibles, inflamables ou explosivos.
- 5.- Manter permanentemente despexadas as zonas comúns e de circulación ou manobra, sen estacionar ou deterse nelas, nin depositar ningún obxecto. En especial, non se poderá estacionar nin deter, nin sequera temporalmente, o vehículo obstaculizando as

saídas, sexan estas de vehículos ou de persoas, en particular as de emerxencia.

6.- Cumprir coa normativa que poida ser de aplicación e con cantas instrucións curse o concello, a concesionaria ou o persoal ao seu servizo en materia de seguridade, vixilancia e salubridade, especialmente en situacións de risco.

7.- Deixar perfectamente pechado e asegurado o vehículo automóbil que estacione no aparcadoiro.

8.- Cumprir coas normas de circulación interior, respectando o contido dos sinais existentes, as marcas sobre os viais e as indicacións do persoal municipal ou da concesionaria, sen interromper nin obstaculizar a manobra dos demais usuarios.

9.- Exhibir a súa correspondente tarxeta de estacionamento cando así se lle requira por parte do persoal do aparcadoiro.

10.- Pór en coñecemento do persoal ao servizo do aparcadoiro a causación, polo usuario ou persoas polas que deba responder ou por terceiros, de danos a outros vehículos ou aos bens e instalacións que integran o aparcadoiro, facilitando no primeiro suposto os seus datos persoais e os do seu seguro, e no caso de danos causados por terceiros, a descrición dos feitos e, no seu caso, os datos de identificación do causante.

Igual deber de comunicación pesa sobre os usuarios en caso de roubo, furto, incendio e calquera outro feito análogo que presenciasen no interior do aparcadoiro.

ARTIGO 22º.- HORARIOS

1.- O horario de acceso peonil ao aparcadoiro será o seguinte:

a) Horario de inverno, que comprenderá os meses de xaneiro a maio, ambos incluídos, e de outubro a decembro, ambos os dous incluídos, cada ano:

- Domingos e festivos: dende as 10:00 horas até as 23:00 horas.

- Resto da semana: dende as 07:00 horas até as 23:00 horas.

b) Horario de verán, será, como mínimo, igual ao horario de inverno, podéndose ampliar pola empresa concesionaria, polo tempo que se considere oportuno.

Do 1 de maio ao 30 de setembro o horario de peche, todos os días da semana, será até as 24:00 horas.

Fóra de ditos horarios, os accesos peonís permanecerán pechados, e o acceso ao aparcadoiro realizarase a través dos puntos que se fixen para o acceso nocturno, que estarán correctamente sinalados.

2.- O horario de acceso de vehículos será libre, sen prexuízo de que, durante as horas nocturnas, o acceso de vehículos poida estar pechado por motivos de seguridade.

En horario nocturno, o aparcadoiro permanecerá pechado, tendo acceso a el só os usuarios en réxime de cesión permanente ou temporal.

Para os usuarios en réxime de rotación, o aparcadoiro poderá permanecer aberto, só algunhas noites especiais cada ano, por razón de festas ou eventos.

3. Os horarios de apertura e peche da instalación estarán dispoñibles, para a súa consulta, en calquera momento, polos usuarios do aparcadoiro, en lugar visible habilitado para os efectos.

TÍTULO IV

DOS DEREITOS E OBRIGAS DO CONCESIONARIO

ARTIGO 23º.- DEREITOS DO CONCESIONARIO

Son dereitos do concesionario:

a) O dereito ao mantemento do equilibrio financeiro da concesión, que implicará o dereito de ser compensado economicamente por razón das modificacións que a administración municipal poida ordenar introducir no servizo e que incrementasen os custos ou diminuísen a retribución.

b) O dereito de ser indemnizado polos danos e perdas que lle ocasionase a asunción directa pola administración da xestión do servizo, se esta se producise por motivos de interese público, independentes de culpa do concesionario.

c) O dereito de ser indemnizado polo rescate da concesión ou en caso de supresión do servizo.

d) O dereito á revisión de tarifas ou de recibir compensación económica substitutoria, no seu caso, cando, aínda sen mediar modificacións no servizo, circunstancias sobrevidas ou imprevisibles, determinasen, en calquera sentido, a ruptura da economía da concesión.

e) O dereito a que por parte da administración concedente se lle outorgue a protección axeitada para que poida prestar o servizo debidamente. En particular, nos casos en que se detecte a presenza de vehículos abandonados no aparcadoiro, poderá solicitar que por parte do concello se retiren ditos vehículos e se proceda conforme ao que establece a normativa sectorial en materia de ordenación do

tráfico de vehículos a motor ou tratamento de residuos sólidos urbanos, no seu caso.

Igualmente, nos casos en que os usuarios de prazas en réxime de cesión permanente ou temporal estacionasen vehículos non adscritos á praza conforme ao artigo 14.2, a concesionaria poderá solicitar que por parte da Alcaldía, e tras a audiencia do interesado, se ordene a retirada de dito vehículo, así como que, en caso de desobediencia a dita orde, se proceda á súa retirada mediante execución subsidiaria.

f) O dereito de percibir as tarifas establecidas pola prestación do servizo. Para tal efecto, o concesionario poderá solicitar da corporación a utilización da vía de constrinximento para o cobramento das débedas que os usuarios contraerán en concepto de tarifas do servizo.

g) O dereito de realizar contratos con terceiros para a colocación de publicidade no aparcadoiro subterráneo, sempre que os anuncios instalados non perturben de ningún modo a boa marcha do servizo, nin supoñan un prexuízo aos dereitos dos usuarios ou á boa marcha do servizo, nin supoñan un prexuízo aos dereitos dos usuarios ou ás condicións de seguridade do aparcadoiro.

Isto supón que O Concello de Verín cede á empresa concesionaria os dereitos de explotación publicitaria da instalación, podendo o concesionario cobrar as cantidades que estime oportunas por este concepto, sen ningunha limitación.

Emporiso, o concello resérvase o dereito de ordenar a retirada de dita publicidade mediante orde motivada da Alcaldía e tras a audiencia dos interesados, cando os anuncios instalados non se axusten ás condicións indicadas.

ARTIGO 24º.- OBRIGAS DO CONCESIONARIO

Son obrigas do concesionario:

a) Prestar o servizo obxecto da concesión nos termos establecidos no prego de cláusulas e na presente ordenanza.

b) Aboar nos prazos establecidos o canon estipulado en favor do concello.

c) Admitir ao goce do servizo a toda persoa que cumpra os requisitos regulamentarios.

d) Informar con carácter trimestral ao concello sobre a marcha do servizo (número de vehículos que entran e saen, duración das estancias, cesións realizadas e calquera outra circunstancia) e puntualmente cando así se lle solicite.

e) Dispoñer dun libro de reclamacións a disposición dos usuarios, foliado e dilixenciado polo secretario do concello, e dar conta inmediata á administración municipal de cantas reclamacións se produzan.

Así mesmo, disporá dun exemplar da presente ordenanza.

f) Responder ante terceiros dos danos que se poidan producir como consecuencia do funcionamento do servizo concedido, coas excepcións que establece o artigo 98 da Lei de contratos das administracións públicas.

g) Responder ante o concello dos gastos derivados da xestión do aparcadoiro respecto aos que a administración municipal ostente a condición de acreedora, tales como taxas por abastecemento de auga, recollida de lixo e en xeral calquera tributo municipal cobrado como consecuencia da explotación do servizo ou a titularidade da concesión demanial, sen prexuízo de que tales gastos poidan ser repercutidos sobre os usuarios en réxime de cesión permanente.

TÍTULO V

DAS TARIFAS

CAPÍTULO 1

NORMAS XERAIS

ARTIGO 25º.- NATUREZA E FIXACIÓN

1.- As tarifas que percibirá o concesionario pola prestación do servizo en calquera das súas modalidades terán a condición de prezos públicos, conforme ao establecido na lexislación reguladora das facendas locais.

2.- A súa fixación e modificación corresponderá ao Pleno, mediante ordenanza.

ARTIGO 26º.- TARIFAS ESPECIAIS

O Pleno do concello poderá fixar tarifas especiais por razóns de índole benéfico-social, en favor daqueles suxeitos en que concorran circunstancias que así o xustifiquen.

Cando o establecemento de tarifas especiais implique unha alteración do equilibrio económico e financeiro que rexe a concesión, acordarase a oportuna subvención compensatoria en favor do concesionario.

ARTIGO 27º.- REVISIÓN E MODIFICACIÓN DE TARIFAS

1.- A revisión ordinaria de tarifas terá lugar nos termos establecidos no prego de cláusulas que rexa a concesión.

2.- Con independencia diso, as tarifas poderán ser obxecto de modificación por razóns de interese público, sen prexuízo do dereito do concesionario ao mantemento do equilibrio financeiro da concesión, no seu caso.

En particular, nos supostos en que se adxudiquen dereitos de uso sobre prazas de aparcadoiro en réxime de cesión permanente cando transcorreran cando menos dez anos dende o inicio do servizo, o Pleno do concello poderá modificar ditas tarifas en atención ao tempo que reste para a extinción da concesión. Nestes supostos, non se poderá proceder a ningunha nova adxudicación de dereitos de cesión permanente dende o momento en que o concello comunique á concesionaria o inicio do expediente para a fixación das novas tarifas. Idéntica regra se aplicará nos casos en que, se iso fose legalmente posible, se procedese á prórroga da concesión.

ARTIGO 28º.- OBRIGA DE PAGAMENTO

A obriga de pagar a tarifa nace dende que se inicia a prestación do servizo.

Nos supostos de cesión permanente ou temporal, aboarase a tarifa completa ao inicio da prestación, sen prexuízo do que libremente pacten a concesionaria e os usuarios.

No réxime de rotación horaria, procederase ao pagamento con anterioridade á retirada do vehículo e como requisito para efectuar dita retirada.

ARTIGO 29º.- VÍA DE CONSTRINXIMENTO

As débedas dos usuarios coa concesionaria correspondentes ás tarifas pola prestación do servizo poderán exixirse pola vía de constrinximento, conforme ao establecido no artigo 23 f)

CAPÍTULO II

CADRO DE TARIFAS

ARTIGO 30º.- TARIFAS POR CESIÓN PERMANENTE

1. A tarifa por cesión permanente establécese en oito mil trescentos sesenta e seis euros con nove céntimos de euro (8.366,09 €)

2. A tarifa polo mantemento, conservación e limpeza das prazas de aparcadoiro que se encontren cedidas de forma permanente establécese en 14,40 euros mensuais, que se farán efectivos de forma trimestral.

ARTIGO 31º.- TARIFAS POR CESIÓN TEMPORAL

As tarifas por cesión temporal serán as seguintes:

- a) Abono mensual: 48,16 €
- b) Abono nocturno: 26,56 €
- c) Abono funcionario: 27,67 €
- d) Abono laboral: 33,21 €
- e) Abono semanal: 26,56 €
- f) Abono de fin de semana: 19,93 €
- g) Abono diario: 11,06 €

Estas tarifas ratearanse en proporción ao prazo exacto de uso contratado con respecto de fraccións de tempo de ocupación na forma prevista no artigo 16.

ARTIGO 32º.- TARIFAS EN ROTACIÓN HORARIA

1. As tarifas en réxime de rotación horaria serán as seguintes:

a) Dende o primeiro minuto até o minuto vinte, ambos incluídos, en cada hora de ocupación efectiva: 0,0300 € por minuto.

b) Dende o minuto vinte e un até o minuto sesenta, ambos incluídos, en cada hora de ocupación efectiva: 0,0205 € por minuto.

A concesionaria poderá establecer unha tarifa bonificada para o caso de usuarios que requiran un uso frecuente do aparcadoiro en horarios irregulares, non susceptibles de cesión temporal, para o cal poderanse expedir recibos ou abonos por un determinado período de tempo, que se irá descontando por minutos de ocupación efectiva, segundo se vaia gastando o tempo de ocupación a que dá dereito; en calquera caso, as tarifas que estableza o concesionario por este método haberán de ser inferiores ás establecidas para o réxime xeral de rotación horaria.

2. Cando o usuario extraviara o tícket acreditativo do tempo de ocupación efectiva en réxime de rotación horaria, haberá de satisfacer o importe real da súa estancia e nunca o importe equivalente a un día completo.

3. A concesionaria poderá chegar a acordos con entidades ou persoas, públicas o privadas, incluso co propio concello, que realicen actividades de carácter comercial ou que pretendan adquirir tarxetas de uso bonificado do aparcadoiro, por horas, para a súa distribución aos clientes, vinculada a campañas promocionais de todo tipo, ou aos seus empregados, ou, no caso do concello, aos usuarios das instalacións e servizos municipais, para o seu mellor uso, en virtude dos cales, e a partir da adquisición conxunta dun certo número de tarxetas válidas, por unha hora de aparcadoiro aplicarase a tarifa única de 46,51 euros, por cada talonario de recibos de desconto dunha hora.

ARTIGO 33º.- CADRO DE TARIFAS

1. As tarifas sinaladas neste capítulo II do título V enténdese sempre con inclusión do imposto sobre o valor engadido (IVE) e de todos os tributos, taxas ou impostos que teña que repercutir o concesionario nos usuarios.

2.- O cadro de tarifas vixente estará permanentemente exposto ao público no aparcadoiro, de xeito que sexa perfectamente visible.

O cadro de tarifas exposto especificará os importes que correspondan á repercusión do IVE

TÍTULO VI

DAS RECLAMACIÓNS DOS USUARIOS

ARTIGO 34º

Os usuarios poderán presentar cantas reclamacións estimen pertinentes en relación ao funcionamento do servizo de aparcadoiro, utilizando para iso o libro de reclamacións ou directamente ante o concello.

Corresponderá á Xunta de Goberno Local a resolución de ditas reclamacións, tras a audiencia dos interesados. Aos acordos da Xunta de Goberno Local seralles de aplicación o réxime xeral de recursos propio dos actos administrativos locais.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.- RÉXIME SUPLETORIO

No non establecido na presente ordenanza estarase ao previsto no prego de cláusulas que rexa a concesión, así como ao disposto con carácter especial na normativa que rexe os servizos públicos e

contratos administrativos locais e con carácter xeral na lexislación de réxime local.

DISPOSICIÓN FINAL 1ª.- INICIO DO SERVIZO

O servizo de aparcadoiro subterráneo municipal iniciárase no prazo de quince días naturais que se contará dende a entrada en vigor da presente ordenanza.

O prazo de 50 anos de duración da concesión previsto no prego de cláusulas comezará a computarse dende o inicio efectivo do servizo, ou, no seu defecto, dende que expire o prazo fixado no parágrafo anterior.

O inicio da prestación do servizo constará na acta que se realice para os efectos, asinada polo alcalde e un representante da concesionaria, perante o secretario do concello, que dará fe da data do inicio.

DISPOSICIÓN FINAL 2ª.- ENTRADA EN VIGOR

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez se publique o acordo definitivo de aprobación ou o inicial elevado automaticamente a definitivo, no seu caso, xunto co seu texto íntegro no Boletín Oficial de Provincia de Ourense, ao día seguinte a aquel en que se cumpra o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O alcalde en funcións: Enrique Díaz García.

A secretaria: Pilar del Carmen Saborido Díaz